



# ESTRATEGIAS de animación á lectura



**rodeira**



LER  
PARA  
SABER

# Estratexias de animación á lectura





## ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**PREGUNTAS CREATIVAS**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Espertar o interese e a curiosidade do alumnado.
- \* Desenvolver hipóteses de lectura a partir do título e da cuberta.
- \* Atraer os lectores cara ao libro.
- \* Motivar os alumnos e alumnas a ler o libro.
- \* Desenvolver habilidades e destrezas de expresión oral e escrita.
- \* Exercitar os desempeños competenciais necesarios para traballar en equipo.

### DESCRICIÓN

Nesta actividade o profesor ou profesora dividirá a clase en grupos de tres ou catro estudantes. Cada grupo deberá observar e analizar a información referente ás partes do libro: cuberta, contracuberta, lombo, título, autor/a e ilustrador/a, índice, imaxes, etc. A continuación, deberán conversar sobre esas partes e escribir todas as preguntas que se lles ocorran sobre o libro. Despois, marcarán as que sirvan para realizar hipóteses sobre o contido do libro antes da súa lectura.

Preguntas guía:

- \* Que vos suxire a cuberta? Que vos suxire o título? Que relación pode haber entre a imaxe da cuberta e o título?
- \* Quen poden ser os personaxes que aparecen na cuberta?
- \* Lémbraivos algo?
- \* Podería tratarse de...?

Farase unha posta en común e escribíranse as hipóteses formuladas por cada equipo. Cando rematen a lectura do libro, retomarán as súas hipóteses iniciais e compararanas coas súas conclusións finais.

## ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**APRENDENDO A CAMIÑAR**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Gozar dun tempo para deternos e pensar en nós.
- \* Potenciar o gusto pola lectura pracenteira.
- \* Xerar hipóteses.
- \* Atraer os lectores cara ao libro.

### DESCRICIÓN

Nesta actividade pedirémoslles aos estudantes que observen a cuberta do libro, lembren as hipóteses que formularon na actividade anterior e empreguen o tempo que lles faga falta para pensar e responder, primeiro individualmente e logo en gran grupo, se o consideran oportuno.

**PRIMEIRO TEMPO:** Reflexionamos sobre como nos sentimos antes de ler o libro e preparámonos para responder as seguintes preguntas:

- \* Como te sentes antes de ler o título? Cal é a primeira imaxe que che vén a cabeza?
- \* Escribe unha oración coa que cres que podes resumir o libro que vas ler.
- \* Para que vas ler este libro?

Para buscar ideas	Para entreterme	Para practicar a lectura
Para aprender	Para practicar estratexias de comprensión lectora	Para desenvolver a imaxinación e a creatividade

\* Que che gustaría atopar neste libro?

Aventuras		Amor	
Historia		Amizade	
Cultura		Outros	

**SEGUNDO TEMPO:** Ademais de ser un momento de pracer, a lectura tamén pode servir para facernos propostas de mellora.

\* Propóñome ler o libro con mentalidade... (crítica, atenta, soñadora, etc.).

\* Tres defectos que creo ter cando leo:

\* Tres virtudes que creo ter cando leo:

\* Algo que me gustaría mellorar na miña lectura:

\* Como o vou lograr?

\* Unha frase POSITIVA antes de empezar a ler:

## ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «SE FOSE UN ANIMAL... QUE ANIMAL SERÍA?»


### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Traballar a expresión corporal para comunicarnos.
- \* Exercitar os desempeños competenciais necesarios para traballar en equipo.
- \* Desenvolver a expresión oral.
- \* Exercitar habilidades de argumentación e reflexión.

### DESCRICIÓN

Todos os personaxes deste relato son animais. Dividiremos esta actividade en dous momentos. Na primeira parte completaremos, en pequenos grupos, por parellas ou co grupo-clase, o organizador gráfico que aparece despois da descrición da actividade. Na primeira columna escribiremos unha listaxe de todos os animais protagonistas; na segunda columna, as características que ten cada protagonista no relato, e na última, as características que teñen os animais. Ao que completen o organizador, os estudantes reflexionarán sobre se as características que teñen os protagonistas se corresponden coas dos animais. Deben chegar a un consenso e argumentalo.

Na segunda parte, de forma individual, reflexionarán e contestarán a seguinte pregunta: «Se fose un animal... que animal sería?». Despois, nun folio debuxarán o animal e no reverso da folla escribirán un argumento sobre por que serían ese animal. Posteriormente sairán un a un e representarán o animal sen falar, tratando de explicar por que o elixiron. Unha vez que o descubran, deberán argumentalo e elixir outro compañeiro ou compañeira para que saia representar o seu animal.



ANIMAL PROTAGONISTA	CARACTERÍSTICAS DO PROTAGONISTA	CARACTERÍSTICAS DO ANIMAL
CONCLUSIÓN		

## ACTIVIDADE 4:


Durante a lectura: «**PEQUENOS ESCRITORES**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Fomentar a expresión escrita.
- \* Desenvolver a capacidade creativa.

### DESCRICIÓN

Esta actividade realizarase en grupos pequenos de catro ou cinco estudantes. Cada grupo terá que inventar un breve relato lanzando catro dados. Cada dado responde a un elemento que hai que incorporar á historia: o primeiro corresponde ao personaxe; o segundo, ao escenario; o terceiro, a un problema, e o último, ao tipo de solución (desenlace da historia).



	PERSONAXE	ESCENARIO	PROBLEMA	SOLUCIÓN
1	Un bombeiro	Na Lúa	Perde un zapato	Alegre
2	Un gato	No bosque	Ve unha bruxa	Triste
3	Un policía	Na praia	Perde un obxecto	Divertida
4	Unha mestra	Vacacións	Cae por un buraco	Humor
5	Un astronauta	Cova	Fractura algo	De conto
6	Unha pinga de auga	Nave	Agóchase	De medo

Leranse en voz alta as historias e crearase un libro con todas as producións dos estudantes.



## ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «CANTEANDO "ESQUINAS"»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Fomentar a capacidade de reflexión.
- \* Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- \* Iniciarse na procura de información utilizando dispositivos e recursos dixitais e contrastando información.
- \* Exercitar os desempeños competenciais necesarios para traballar en equipo.
- \* Utilizar dispositivos e recursos dixitais.

### DESCRIPCIÓN

O autor fálanos de que na vida aparecen esquinas. Nesta actividade imos asociar «as esquinas» con aquelas adversidades que podemos atopar na nosa contorna máis próxima: aula, localidade...

Por *esquina* entendemos as necesidades que vemos na contorna: compañeiros e compañeiras que non teñen que comer, que non poden ter acceso a libros ou xoguetes, familias que precisan comprar un guindastre para o seu fillo con parálise, etc.

Por *cantear* entendemos axudar ou levar a cabo accións que permitan achegar un pequeno gran de area a reducir esa esquina.

Para iso, organizaremos o grupo-clase en pequenos equipos de catro ou cinco persoas. Cada equipo terá que elaborar unha presentación acerca daquela «esquina» que queira propoñer para organizar unha gala benéfica. O soporte será libre, pode ser dixital ou non.

Presentaranse todos os proxectos e realizarase unha votación. O equipo máis votado decidirá o tema ao redor do que vai xirar a gala benéfica da actividade número 6.

## ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: «**GALA BENÉFICA**»

### OBXECTIVOS XERAIS

- \* Iniciar na procura de información utilizando dispositivos e recursos dixitais e contrastando información.
- \* Exercitar os desempeños competenciais necesarios para traballar en equipo.
- \* Desenvolver a expresión oral e escrita.
- \* Utilizar dispositivos e recursos dixitais.

### DESCRIPCIÓN

Nun primeiro momento, realizaremos unha chuvia de ideas sobre as cousas necesarias para organizar unha gala benéfica. Para iso, o alumnado terá que investigar previamente que é, como se organiza, con que fins, etc.

Unha vez decididas as accións que habería que levar a cabo, organizaremos as tarefas utilizando un Kanban.

Dividiremos a clase en pequenos grupos e cada un irá asumindo unha acción.

É importante insistir no cumprimento dos tempos e das datas.

ORGANIZADOR GRÁFICO				
	POR FACER	RESPONSABLE	EN PROCESO	FEITO
